

Domingo 1 Setembro 2013

PUBLICIDADE

- [Portada](#)
- [Deportes](#)
- [Cultura](#)
- [Festas](#)
- [Bisbarra](#)
- [Firmas QPC](#)
- [Entrevistas](#)
- [Axenda](#)
- [Hemeroteca](#)

Buscar:

[Carnota](#)

Ubaldo Cerqueiro - 22 Agosto 2013 - 12:00 | [Sen Comentarios](#)

Explicacións económicas e críticas sociais aos 6 despedidos de Carnota

Like

Send

16 people like this. [Sign Up](#) to see what your friends like.



Escudo do Concello de Carnota

Esta semana coñecemos a nova dos [6 despidos polémicos no Concello de Carnota](#). Xa escoitamos as críticas de PP e PSOE, e hoxe escoitamos a posición da Afiprodel así como as explicacións do propio Concello.

O Concello éxcusase pola débeda

Falaba onte o alcalde Ramón Noceda para explicar a decisión dos 6 despidos. E argumentou principalmente que “a situación económico-financeira do Concello de Carnota é insostenible”. Sinala que hai máis de **1,5 millóns de euros de remanente negativo e case que 2,5 de débeda municipal**. “Isto é, a débeda financeira do Concello é superior ao 100% dos ingresos correntes”, sinala.

Explicou o alcalde que “o Concello elaborou un **plan de axuste**, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 13.06.2012”, nos que a redución de gastos é parte intrínseca. Pero **a situación no mellorou tras un ano de plan** e “a capacidade económica do Concello ao longo de 2013 só permite afrontar os custos de persoal -que consumen unha porcentaxe considerable dos ingresos correntes da Corporación- e algún que outro gasto corrente”.

Sen embargo, “**o Concello continúa no presente exercicio sen poder pagarlles regularmente as facturas a moitos contratistas e provedores**” que prestan ou interveñen en servizos públicos esenciais: a título de exemplo, e a 31 de xullo do 2013, á Mancomunidade de Concellos Serra de Barbanza, que xestiona a recollida e o tratamento de residuos, o Concello débelle 583.126,85 €; coas empresas Gas Natural Sur e Unión Fenosa Comercial, que xestionan o suministro eléctrico, a débeda ascende a 55.596,76 € e 20.522,81 € respectivamente; e coa empresa Espina y Delfín, que xestiona o suministro de auga e o saneamento, a débeda ascende a 123.686,00 €.

Así, lamenta que o Concello teña que tomar máis medidas de redución de gasto do persoal laboral (24), mediante a redución do número de empregados e o axuste puntual de retribucións de determinados traballadores. E se ben o Concello de Carnota conta na actualidade con 66 traballadores que significaron un gasto de 1.348.145,94 € no ano 2012, é dicir, máis do 50% dos ingresos netos correntes do exercicio, agora reducirá ese persoal laboral.

Así, aseguran que “**dese conxunto de 24 empregados de persoal laboral considérase inevitable neste momento a extinción de seis** (a cuarta parte) nos que, atendendo ao outro criterio citado máis arriba, se inclúen o monitor deportivo (o coñecido adestrador do Carnota **Alfredo Cambeiro**), dous traballadores da brigada municipal de operarios (**Manuel Antonio Sedón Lestón e Juan Manuel Senande Lago**), os dous axentes de desenvolvemento local (**Dolores Pena Pena e Manuel González Castro**) a traballadora informática (Ana Saborido Trillo), por entender que non están adscritos a servizos esenciais do Concello ou, en calquera caso, que as súas tarefas poden ser facilmente cubertas por outros traballadores do cadro de persoal ou por outros medios que non sexan tan onerosos para a Corporación”.

Afiprodel rexeita a desaparición da Axencia de Desenvolvemento Local

A que tamén sae á palestra para denunciar a situación é a Xunta Directiva de Afiprodel– Galicia (Asociación Finisterrae de Profesionais do desenvolvemento local), que comunica “a súa **sorpresa e estupor** ante a noticia aparecida nos medios de comunicación sobre os despidos de 6 traballadores do

Concello de Carnota entre os que se atopan os dous técnicos de Emprego e desenvolvemento local, ambos os dous, membros fundadores e directivos desta asociación”.

Afiprodel mostra **“o seu malestar e desconformidade coa destrución de servizos públicos municipais** en xeral, e especialmente nos concellos rurais e aínda máis cando afectan a un dos servizos de desenvolvemento local máis antigos de Galicia e da Costa da Morte”.

E asegura que a “axencia de desenvolvemento local de Carnota é un dos servizos pioneiros en Galicia e na Costa da Morte, conta cunha ampla e exitosa experiencia en proxectos e accións de promoción empresarial e económica, en asesoramento a emprendedores, tecido empresarial e asociativo, en formación ocupacional para desempregados e activos, colaboracións interadministrativas, na participación en proxectos europeos, amén da realización de actuacións de desenvolvemento de recursos endóxeos e sectores estratéxicos do concello ou de liderar exitosamente a cooperación entre sector privado e público no deseño e execución de proxectos estratéxicos”.

Consideran **“sorprendente” a decisión “cando este Concello asinou o manifesto en apoio aos servizos de desenvolvemento local que se presentou en Fisterra o ano pasado”**. E apuntan que “antes de tomar decisións deste calado débese necesariamente buscar alternativas e consensos que afecten o menos posible aos servizos á cidadanía e ao colectivo de traballadores e traballadoras locais que teñen desempeñado a súas función de xeito exemplar”.

Novas relacionadas

- [6 despidos polémicos no Concello de Carnota.](#)

Fonte

- Redacción de QPC (info@quepasanacosta.com).

Este artigo foi publicado o 22 Agosto 2013 as 12:00 e foi arquivado en [Carnota](#). Pode seguir as respostas a este artigo a través deste canal [RSS 2.0](#) . Pode [deixar un comentario](#), ou [trackback](#) dende o seu sitio.

Non hai comentarios [»](#)

Aínda non hai comentarios.

[Canal RSS dos comentarios da entrada.](#) [TrackBack URL](#)

Deixe un comentario

Síntoo, debe [identificarse](#) para enviar un comentario.

- [Cabana](#)
- [Camariñas](#)
- [Carnota](#)
- [Cee](#)
- [Corcubión](#)
- [Dumbría](#)
- [Fisterra](#)
- [Laxe](#)

- [Malpica](#)
- [Mazaricos](#)
- [Muros](#)
- [Muxía](#)
- [Ponteceso](#)
- [Vimianzo](#)
- [Zas](#)

PUBLICIDADE



[Costa da Morte Motor](#)

[O motor na Costa](#)



[Horarios de autobuses da costa da morte](#)

[Consulta os horarios](#)

BITÁCORA DA SEMANA...



[A bitácora da semana \(CCXXVII\): De igual a igual no Campamento de Muxía](#)

OPINA HOXE...



Manuel Suárez Suárez

As Cartas do Avó Pascasio: Unha “Vaca Morta” alá en Neuquén

PUBLICIDADE



RECUNCHOS DA COSTA

Coñecelos é disfrutalos



Todoos eventos da costa da morte

Consulta a Axenda



Horarios de autobuses da costa da morte

Consulta os horarios



SALVACADELOS

Leva un amigo para toda a vida

A CARA MÁIS ÍNTIMA DO NAUFRAIXIO...



Por Xusto Fisterra

Por Manuel M. Caamaño


OS TESOUROS DA FUNDACIÓN...



Hemisferios de Magdeburgo

Darío Areas

O boletín diario da radiONeria...



Boletín de Novas

- [Programación](#)



PUBLICIDADE

Opina sobre...

PUBLICIDADE

OUTROS TITULARES

- [Accidente no Concello de Vimianzo](#)
- [XXII Carreira das Areas en Carnota](#)
- [#6anosQPC](#)
- [Extinguido o Incendio de Esteiro en Muros](#)
- [As ANPAS da Costa da Morte din Non o Inglés Privado nos Colexios](#)
- [Clausura dos Campamentos de verán de Ponteceso](#)
- [Xa temos de Novo a Escoliña de Cee](#)
- [Retirada da Competición dos Xuvenís do Corcubión](#)
- [Fin de Curso informático en Fisterra](#)
- [Premio María Amelia en Muxia](#)

[Máis novas...](#)

Marcos Rodríguez FOTOGRAFÍA



[Sigue a Marcos Rodriguez en Facebook](#)

PUBLICIDADE

:: PARTICIPA ::

Os últimos comentarios dos usuarios...

[É un auténtico espertar cultur](#)

27-08-2013 - beto

[A nota negativa está a dala a](#)

27-08-2013 - beto

[Onte fun doar sangue a unha un](#)

27-08-2013 - beto

O máis visto / Opina

[O Plan Competicional e a Liga á carta](#)

29-07-2011 - [131 comentarios](#)) - [{OPINA}](#)

[Vimianzo lembrou a Martín Pena](#)

24-08-2011 - [107 comentarios](#)) - [{OPINA}](#)

[Vídeo entrevista de Ángel Garrido a Alberto Pose](#)

03-09-2011 - [106 comentarios](#)) - [{OPINA}](#)

QPC :: CONTIDOS

- Seccións: [Actualidade](#) ♦ [Bisbarra](#) ♦ [Deportes](#) ♦ [Cultura](#) ♦ [Axenda](#) ♦ [Hemeroteca](#)
- Concellos: [Cabana](#) ♦ [Camariñas](#) ♦ [Carnota](#) ♦ [Cee](#) ♦ [Corcubiión](#) ♦ [Fisterra](#) ♦ [Laxe](#) ♦ [Malpica](#) ♦ [Mazaricos](#) ♦ [Muros](#) ♦ [Muxía](#) ♦ [Ponteceso](#) ♦ [Vimianzo](#) ♦ [Zas](#)
- Firmas: [Ubaldo Cerqueiro](#) ♦ [Manuel M. Caamaño](#) ♦ [Xusto Fisterra](#) ♦ [Manuel Suárez Suárez](#) ♦ [Alberto Pose](#) ♦ [Manuel Varela](#) ♦ [Pablo Mouro](#) ♦ [Guillermo Parga](#) ♦ [Angel Garrido](#) ♦ [Fran Lago](#) ♦ [David Castro](#) ♦ [Hector Pose](#) ♦ [Xosé María Lema Suárez](#) ♦ [Pablo Varela](#) ♦ [Ángel M. Moar](#) ♦ [Serxio Iglesias](#) ♦ [Alejandro Lamas](#) ♦ [Fran Hermida](#) ♦ [José Manuel Castro Marcote](#) ♦ [Javi Turnes](#) ♦ [Xosé Manuel Varela](#) ♦ [Víctor Castiñeira](#) ♦ [Mario Rodríguez](#) ♦ [Isabel Tomé](#) ♦ [José Luis Louzán](#) ♦ [Darío Areas](#) ♦ [Xabier García](#) ♦ [Susana Alvite](#) ♦ [Manuel Vilar](#) ♦ [Mario Maceiras](#) ♦ [Lorena Martínez Canosa](#) ♦ [Jose Antonio De la Riera](#) ♦ [Quique Portela](#) ♦ [Raúl Góñez](#) ♦ [carloscallon](#) ♦ [David Lourido](#) ♦ [Ana Díaz](#) ♦ [Óscar de Souto](#) ♦ [Viki Rivadulla](#) ♦ [Luís Lamela](#) ♦ [Carlos Ameijeiras Miñones](#) ♦ [José Manuel Ojén](#) ♦ [Domingo Guerra](#) ♦ [Roberto Rouget](#) ♦
- Deportes: [Opinión](#) ♦ [Fútbol](#) ♦ [Deportes Náuticos](#) ♦ [Fútbol Sala](#)
- Outros: [Publicidade](#) ♦ [Contacto](#) ♦ [Licenza](#) ♦

Proxecto financiado por:



[Contacto](#) | [Publicidade](#)

quepasanacosta.com é un produto de GALINUS S. L, Taller de Novos Medios | Corcubion -

Comarca de Fisterra - Costa da Morte